



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Procesos de Formación

Curso Académico: Curso 2019-2020

[■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

[■ Cumprimento do proxecto establecido](#)

■ Dimensión 1. A xestión do título

[■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)

[■ Criterio 2. Información e transparencia](#)

[■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)

■ Dimensión 2. Recursos humanos

[■ Criterio 4. Recursos Humanos](#)

[■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)

■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe

[■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)

[■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

[■ Modificacións do plan de estudos](#)

[■ Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ Plan de Melloras

■ Abertas Curso 2020-2021

■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento

[■ MPF-AM-1](#)

[■ MPF-AM-2](#)

■ Criterio 2 - Información e transparencia

■ MPF-AM-3

■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

■ MPF-AM-4

■ Criterio 5 - Recursos materiais

■ MPF-AM-5

■ Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

■ MPF-AM-6

■ MPF-AM-7

■ MPF-AM-8

■ Finalizadas Curso 2019-2020

■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento

■ Criterio 2 - Información e transparencia

■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

■ Criterio 4 - Recursos humanos

■ Criterio 5 - Recursos materiais

■ Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

■ Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Procesos de Formación
Mencións/Especialidades	---
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	---
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	---
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	29/07/2009
Data renovación acreditación	30/04/2015

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de prazas ofertadas no curso 2019-2020 mantívose en 25 (IN01M). O número de estudantes matriculados foi de 30 (IN02M) o que supuxo unha mellora significativa nos datos de matrícula respecto ao curso 2018-2019, no que estaban matriculados 22 estudantes. Este incremento tamén se reflicte na matrícula de acceso (IN03M) e a matrícula de novo ingreso con 21 persoas matriculadas por primeira vez no Máster (IN04M) fronte ás 13 do curso 2018-2019, o que implica volver a valores de matrícula similares a de cursos anteriores ao 2018-2019.

A variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición tivo o aumento máis importante desde o curso 2014-2015 - 61,54%- (IN05M).

A taxa de ocupación foi do 84% (IN12M), o cal implicou un forte aumento na captación de alumnado respecto ao curso académico anterior (52%) e a recuperación dos valores máis frecuentes de edicións anteriores (2017-2018 cun 80%, 2015-2016 cun 84% ou 2014-2015 cun 80%).

A nota media de acceso por preinscrición neste curso foi de 7,34 (IN06M), alcanzando un nivel similar á do curso 2018-2019 (7,73) e anteriores. A porcentaxe de estudantes de novo ingreso por preinscrición que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis é do 100%, manténdose a tendencia dos cursos anteriores (IN07M).

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados foi dun 10% (IN08M), a maior porcentaxe dos últimos seis cursos. En cambio, non houbo estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M). En canto á súa procedencia xeográfica, e estudantes eran de China, 15 da provincia de A Coruña, 10 de Pontevedra, 1 de Lugo e 1 de Ourense.

A porcentaxe de matriculados que eran titulados da USC foi do 80% (IN13M), reducíndose lixeiramente a porcentaxe do curso 2018-2019 que foi do 86,36%.

Respecto á titulación de procedencia do alumnado, Pedagogía foi principal (10 estudantes), seguida do Grao en Mestre/a de Educación Primaria (3 estudantes), do Grao en Educación Social (2 estudantes) e do Grao en Traballo Social, Mestre/a especialidade en Educación Infantil e Enxeñaría Química (con 1 estudante cada unha). Houbo 3 alumnas con estudos realizados no estranxeiro e con Resolución Reitoral de equivalencia (4311781_I2-2019-2020).

O Máster Universitario en Procesos de Formación mantén a súa relevancia para o alumnado no seu dobre carácter: profesional e investigador.

Nos contextos profesionais aos que se dirixe preferentemente o Máster, os profesionais da educación (mestres/as, pedagogos/as, psicopedagogos/as e educadores/as sociais) traballan en realidades diversas que requiren competencias específicas vinculadas ás demandas sociais e educativas sobre os procesos formativos. Entre elas pódense citar as que figuran no plan de estudos, como a avaliación e detección de necesidades formativas; a formación en competencias; a posta en marcha de estratexias e normas de calidade; a xestión de institucións e servizos educativos multimedia e en rede, a distribución/xestión da información e a formación; a xeración de coñecemento compartido; a difusión e transferencia de resultados da innovación e da investigación; a xestión de medios, tecnoloxías e recursos; a dinamización de grupos de traballo; o desenvolvemento de medidas accesibles para atender á diversidade ou a promoción da igualdade de oportunidades educativas e laborais.

Desde o enfoque investigador do Máster contéplase a capacitación do alumnado como investigador para continuar a súa formación a través dos estudos de Doutoramento, partindo da base establecida na análise e mellora da realidade educativa e que se desenvolve a través de materias que desenvolven competencias vinculadas coa investigación (na avaliación de

programas e institucións; na formación e os recursos humanos; no e-learning e no deseño e desenvolvemento de estudos sobre a formación).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria verificada, excepto a solicitude de modificación da memoria de verificación do título no sentido de suprimir o requisito de cursar obrigatoriamente un itinerario dos dous propostos no plan de estudos para obter a titulación, que afectou á redacción do apartado "Aspectos académico organizativos generales" e a outros puntos do apartado 5.1 para manter a coherencia do cambio solicitado. Esta modificación foi aprobada polo Consello de Goberno da USC o 29/10/2019.

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias, cos necesarios axustes debidos aos avances e actualización do coñecemento científico e á adaptación ás necesidades e características do alumnado.

En cada curso, e seguindo os criterios e o calendario establecido na Programación Académica Anual da USC, a Comisión Académica do Máster acorda unha serie de decisións sobre a programación académica coa finalidade de melloralas (Acta CA 07-05-2020)

En relación cos aspectos do criterio 1.2., pódense analizar os niveis de satisfacción do alumnado e do profesorado coa docencia no Máster.

No caso do alumnado (participación do 54,55% -IN48M-), a súa satisfacción media coa docencia recibida foi alta (4,25/5 -IN46M-), estando no segundo lugar máis alto das últimas seis edicións. Todos os ítems da enquisa recibiron unha valoración media por encima de 4 puntos, excepto o referido á mellora do nivel de partida en relación á materia (3,91/5). Os que alcanzan maior valoración son os vinculados coa axuda na titorías (4,46/5), coa explicación do programa da materia e os criterios de avaliación (4,37/5) e co cumprimento do programa e o plan de traballo previsto (4,34/5). E os que menor valoración logran, ademais do xa indicado, foron os relacionados coa utilidade do material de apoio para preparar a materia e o papel do profesorado para que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos, ambos con 4/5 (4311781_INF.13_1S_2019-2020).

En canto á satisfacción media do profesorado coa docencia impartida (participación do 42,11%) incrementouse lixeiramente (4,39/5 -IN47M-) respecto ao curso anterior (4,29/5) mantendo a tendencia ascendente dos últimos seis cursos. Excepto dous ítems, o referido á adecuada coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3,73/5) e o vinculado coa satisfacción das ferramentas, instrumentos e canles dispoñibles para desenvolver a docencia na situación imprevista derivada da crise sanitaria (3,91/5), todos os demais foron valorados por encima de 4, destacando aqueles máis estreitamente ligados coa comunicación co alumnado, como o mantemento dunha comunicación axeitada (4,91/5) e a accesibilidade a través das clases e titorías (4,82/5) -4311781_INF.14_2019-2020-. Estas altas valoracións por parte do equipo docente de cuestións referidas á continuidade da relación docente-estudante a través de recursos que permitiran o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe, da comunicación e da coordinación das tarefas formativas en momentos de incerteza como os vividos no 2º cuatrimestre do curso 2019-2020 mostran o importante labor realizado polo profesorado do título.

O tamaño do grupo é adecuado para o desenvolvemento das actividades formativas, tanto expositivas como interactivas das materias obrigatorias (N=21) (IN55M). No caso das materias optativas a media de alumnos/as matriculados por grupo foi de 10,38 (IN56M), o que supuxo un incremento respecto ao curso 2018-2019 (6,86) como consecuencia do aumento no nº de estudantes matriculados.

Non houbo participación do alumnado en programas de mobilidade (IN17M), ao igual que sucedeu nas anteriores edicións

do Máster. Tampouco se recibiron estudantes no título procedentes doutras universidades (programas de mobilidade) - IN18M-.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O propósito de mellora na coordinación docente no Máster continuou no curso 2019-2020 a partir do traballo realizado polas dúas comisións creadas para realizar unha avaliación interna do Máster e para analizar a Memoria do Máster, respectivamente, que actuaron de forma complementaria revisando a coordinación vertical e horizontal do título. Analizaron o contido e competencias das materias do plan de estudos para detectar duplicidades e solapamentos e as guías didácticas das diversas materias para valorar a adecuación dos sistemas de avaliación e da carga de traballo dos estudantes. Este traballo reflectiuse na elaboración da proposta de modificación da Memoria do título, aprobada pola Xunta de Facultade o 09/07/2020 e en trámite pola Axencia Avaliadora.

A Comisión Académica tamén aborda en varias das súas reunións aspectos vinculados coa coordinación, programáronse varias xuntanzas do profesorado para tratar, entre outros temas de interese, a coordinación intra e inter- materias.

Ademais cada materia compartida por varios docentes conta cun/cunha coordinador/a.

A valoración que realizou o profesorado sobre a coordinación entre as distintas materias do título foi de 3,73 sobre 5 (4311781_INF.14_2019-2020), algo superior a obtida no curso 2018-2019 (3,30/5).

No curso 2020-2021 continuarase a traballar na mellora da coordinación docente a través dunha acción de mellora centrada na coordinación de materias de módulos e/ou semestres que facilitarán o traballo do alumnado.

E a aula de coordinación do Máster no campus virtual da USC cumpre con tres funcións principais vinculadas coa coordinación:

- Canle de comunicación de información de interese do Máster (de carácter xeral, sobre Traballo Fin de Máster ou Prácticas Obrigatorias).
- Repositorio de documentación relevante para alumnado e profesorado.
- Difusión de actividades formativas, culturais, prácticas, etc. de interese para o alumnado organizadas pola Facultade de Ciencias da Educación, a Universidade de Santiago de Compostela ou outras entidades.

A coordinación xeral do título desde o curso 2019-2020 pasou a funcionar por un período de catro anos coa finalidade de que o sistema de rotación na coordinación do Máster completara un ciclo de implantación de melloras.

Respecto ás prácticas externas, dispónse dun amplo número de convenios de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e as institucións/empresas para a realización de prácticas académicas externas curriculares do alumnado de todos os títulos do centro, entre eles o Máster Universitario en Procesos de Formación. Desde a Facultade de Ciencias da Educación xestiónanse e actualízanse os convenios de acordo coas competencias e cos intereses formativos do alumnado do Máster.

Propónse como acción de mellora a revisión da oferta de institucións colaboradoras de prácticas para axustala o máximo

posible ás competencias do Máster.

No curso 2019-2020 non se desenvolveron as prácticas externas nas institucións debido ás restricións como consecuencia da crise sanitaria. Recolléronse na modificación do programa as adaptacións realizadas segundo os acordos e recomendacións da Conferencia de decanas e decanos de Educación, e tendo como marco de actuación as “Guías orientadoras para la adaptación de forma armonizada de las prácticas obligatorias (Prácticum) de los títulos de Educación ante la situación de emergencia sanitaria provocada por el COVID-19” desenvolvidas pola conferencia seguindo as indicacións da CRUE e publicadas na web da conferencia o 31 de marzo de 2020. Esta modificación afectou ás tarefas a realizar polo alumnado, á bibliografía e á avaliación.

A modalidade de ensino semipresencial do Máster implica a combinación de sesións presenciais de docencia con sesións virtuais que condiciona o tipo de metodoloxías docentes das materias. Na guía didáctica de cada materia especificábase a distribución de contidos, tarefas e actividades que se desenvolverán de forma presencial ou virtual.

No segundo semestre do curso académico 2019-2020 a modalidade de ensino veuse afectada pola situación de crise sanitaria axustando os programas das materias segundo as modificacións introducidas ao abeiro da Resolución Reitoral do 23 de marzo de 2020 como consecuencia da suspensión temporal da docencia presencial. O nivel de adaptacións en canto a metodoloxías de ensino-aprendizaxe, bibliografía, sistema de avaliación e outros aspectos das programacións afectou ás materias do segundo semestre de maneira distinta dependendo do número de sesións xa impartidas.

No informe realizado pola coordinadora do Máster o 15 de abril de 2020 para dar cumprimento á Resolución Reitoral do 7 de abril sobre obrigas referidas á docencia non presencial analízase a situación de cada materia do segundo semestre, o tipo de adaptacións realizadas nos programas e as accións de coordinación e seguimento do alumnado levadas a cabo.

Ademais desde a Facultade elaborouse un informe global que recolle as modificacións realizadas con motivo da pandemia xerada pola COVID-19 e a suspensión da actividade académica presencial de todos os títulos impartidos no centro, do cal se xunta a parte xeral.

As modificacións da avaliación das materias do 2º semestre, da 2ª oportunidade e do TFM pódense consultar no enlace:

[Medidas especiais COVID19 Cursos 2019-20 - Facultade de Ciencias da Educación - USC](#)

Outra iniciativa relevante realizada desde a Facultade foi a elaboración e aplicación dunha enquisa para coñecer as necesidades do alumnado para o seguimento e avaliación realizada no mes de abril de 2020. Os resultados desta enquisa axudaron a diagnosticar a situación das e dos estudantes respecto a influencia da pandemia en aspectos persoais, nas condicións de estudo e en aspectos técnicos e a tomar decisións que axudaran a solucionar as necesidades e dificultades detectadas.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster dirixese, de forma preferente, a egresados/as e profesionais do ámbito das Ciencias da Educación interesados en continuar coa súa formación permanente e a súa especialización na investigación no campo da formación. Tamén está aberto a graduados doutras titulacións e profesionais en activo que pretenden afondar e/ou que desempeñen actividades ou funcións profesionais vinculadas cos procesos formativos.

Existe coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título. A matrícula no curso 2019-2020 foi de 30 estudantes (IN02M) dos que 21 eran de novo ingreso (IN04M) -xa comentadas as súas características no apartado 1.1 deste informe- partindo dunha oferta de prazas de 25 (IN01M). O alumnado do Máster con titulación de acceso vinculada con Ciencias da Educación foi maioritario (N=16) con 10 estudantes procedentes de Pedagogía, 3 do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, 2 do Grao en Educación Social e 1 de Mestre/a-Especialidade de Educación Infantil. Os outros 6 estudantes procedían do Grao en Traballo Social (N=01), de Enxeñaría

Química-Plan 2003 (N=1), 1 tiña estudos realizados no estranxeiro e a 2 se lles concedeu a equivalencia (4311781_I2-2019-2020).

A nota media de acceso por preinscrición mantense en niveis similares a cursos anteriores, cun 7,34 no curso 2019-2020 (IN06M), accedendo, polo tanto o 100% das e dos estudantes con puntuación igual ou superior a seis (IN07M).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A aplicación das distintas normativas (de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, Traballos Fin de Máster, prácticas externas...) desenvolvéronse segundo o establecido nas mesmas, sen incidencias que destacar. Este feito reflíctese nos resultados logrados polo alumnado da titulación destacando, por exemplo, a taxa de rendemento (88,16%) (IN34M); a taxa de éxito (99,01%) (IN35M); a taxa de avaliación (89,04%) (IN36M) ou a taxa de graduación (100,00%) (IN37M). Todos os indicadores expostos anteriormente incrementáronse respecto ao curso 2018-2019.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Entre os mecanismos da institución para garantir o fácil acceso a información relevante, obxectiva, actualizada e coherente sobre o título aos grupos de interese está a páxina web da Universidade [Máster Universitario en Procesos de Formación | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](http://www.usc.gal) que ofrece información de carácter xeral sobre admisión e matrícula, normativa e bolsas e axudas; e a páxina web da Facultade de Ciencias da Educación, cun dobre enlace, o de Máster, que achega información xeral do título, obxectivos, competencias e saídas profesionais, plan de estudos, oferta e admisión e outra información de interese (normas de permanencia, normas de avaliación ou resultados, entre outros elementos) en [Titulacions - Facultade de Ciencias da Educación - USC](#) e o enlace de información académica que recolle datos específicos sobre cada curso académico: planificación (horario, calendario de exames, guía xeral do Máster), Prácticas Obrigatorias e Tráballo Fin de Máster en [Master en procesos de formación - Facultade de Ciencias da Educación - USC](#)

Outro mecanismo de difusión da información de interese para todos os axentes implicados no desenvolvemento do título é a aula virtual de coordinación, na que ademais de seccións estables vinculadas con elementos importantes do Máster (sección profesorado, información xeral, TFMO, TFM e Prácticas) dispón da ferramenta de foro de novas, a través da cal se comunica de forma áxil información útil e actualizada sobre o título e outras actividades relacionadas ao alumnado e ao profesorado. O foro de novas foi unha canle relevante de comunicación a partir, especialmente, da supresión da docencia presencial.

Non se dispón de datos no curso académico 2019-2020 sobre a valoración da satisfacción dos egresados/as coa información pública dispoñible (IN23M).

Deberemos continuar traballando na mellora da accesibilidade da información pública do título. Por este motivo realizarase unha acción de mellora que facilite a busca da información de interese ás persoas interesadas no Máster.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias da Educación conta cunha Política de Calidade definida no Manual do SGC exposta publicamente na páxina Web da Facultade para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Na web da facultade tamén está dispoñible o Manual de procesos do SGC.

Así mesmo, a Facultade de Ciencias da Educación conta cun Plan Estratéxico, aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021. Neste documento defínense a misión, a visión e os valores da facultade así como as súas liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

A obtención de datos e o seu tratamento para avaliar e mellorar a calidade do título e da súa ensinanza lévase a cabo de acordo ao establecido mediante informes e enquisas. Con esta información trátase de dar resposta aos indicadores xerais: plan docente anual, captación de estudantes, xestión da mobilidade e prácticas externas, avaliación de aprendizaxe, información pública, xestión dos recursos humanos, materiais e servizos, así como seguimento/acreditación do título e satisfacción dos grupos de interese: alumnado egresado, profesorado, estudantes, titores/as profesionais de prácticas externas, PAS.

Obtéñense datos (mediante informes e cuestionarios) que permiten avaliar e mellorar a calidade do título e da súa ensinanza. Entre outros, a través de: enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, enquisas ao PDI sobre a súa satisfacción coa docencia impartida, coa participación de PDI e PAS nos plans de formación, etc.

A taxa de resposta ás enquisas por parte de estudantes e PDI soe ser moi baixa. Este problema é de difícil solución dado que o nivel de resposta depende exclusivamente da vontade dos participantes para cubrir as enquisas, polo que se pode perder información relevante para a mellora dos procesos. Os datos do curso 2019-2020 (4311781_INF.13_1S_2019-2020) mostran un lixeiro incremento na porcentaxe de resposta no 1º semestre (54,55%) respecto ao curso anterior (50,00%).

Aínda que a comunicación directa co grupo de estudantes, coas súas representantes e co equipo docente proporciona información interesante que contribúe á mellora e á necesaria adaptación dos procesos.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise do grao de satisfacción por parte dos diversos colectivos implicados no desenvolvemento do Máster supón un aspecto clave a ter en conta para realizar propostas de mellora.

No grupo de estudantes a análise da súa satisfacción coa docencia recibida (IN46M) cun 4,25/5 indica un nivel alto de satisfacción, lixeiramente inferior ao curso anterior (4,59/5), pero é o segundo valor máis alto neste indicador das seis últimas edicións do Máster.

Non hai datos no curso 2019-2020 da satisfacción do alumnado coas prácticas externas (IN19M) debido a que a situación da pandemia levou a suspensión das estadias nas institucións colaboradoras de prácticas. Este feito tamén é a razón de que non exista información sobre a satisfacción dos titores/as profesionais (IN20M), nin dos titores/as académicos (IN21M) coas prácticas externas.

A revisión da satisfacción do equipo docente coa docencia impartida (IN47M) mostra tamén un valor alto (4,39/5), algo superior á do curso 2018-2019 (4,29/5) e a máis elevada das últimas seis edicións do título. Mantense unha tendencia ascendente na satisfacción do profesorado coa docencia que imparte no Máster, o que é un factor positivo para a súa calidade.

Non hai datos no curso 2019-2020 sobre a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23M) ou coa titulación en xeral (IN42M).

No curso 2020-2021 preténdese elaborar informes específicos por grupos de interese nos que se presenten os principais resultados das enquisas de satisfacción como forma de difundilos e outorgarlles o valor que poden ter as enquisas de satisfacción para a mellora da titulación.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Política de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación revisase con periodicidade. A súa máis recente actualización data do ano 2020 e está plenamente vixente.

Os obxectivos estratéxicos e a análise dos procesos e resultados son as dimensións de referencia para a actualización anual dos obxectivos de calidade no centro.

A actualización de documentación; Manual do SGC e o Manual de procesos do SGC, a elaboración do Plan Estratéxico e, principalmente, a Acreditación Institucional do Centro, son elementos fundamentais, aos que a decana, o equipo decanal e a Comisión de Calidade do Centro (CCC), dedicarán unha parte moi importante da súa actuación.

A enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación no curso 2019-2020 (4311785_INF.23_2019-2020) inclúe a cuestión sobre a valoración da calidade docente da titulación que obtivo unha valoración de 4,14/5. O ítem relacionado con este na enquisa do curso 2018-2019 referíase á adecuación das vías existentes para participar na mellora da calidade que obtivo unha valoración de 4,00/5.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) do profesorado implicado no desenvolvemento do título cumpre coa esixencia requirida para a súa impartición e axústase ás previsións da memoria verificada. A análise detallada dese nivel de cualificación reflicte que a porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total (IN24M) foi no curso 2019-2020 do 83,33%, sendo a puntuación máis elevada dos últimos seis anos, superior á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas neste curso (78,75%).

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total -42,11%- (IN26M) reduciuse respecto á edición anterior (50,00%), cun valor próximo á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas -45,35%-.

Respecto á porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25M), esta foi de 73,68 %, mostrando un lixeiro incremento sobre o dato do curso 2018-2019, que foi do 72,73%.

O equipo docente do Máster estivo constituído por 19 profesionais (8 pertencentes á Área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación e 11 á Área de Didáctica e Organización Escolar) distribuídos nas seguintes categorías: 8 Titulares (42,11%), 4 Contratados Doutores (21,05%), 2 Axudantes Doutores LOU (10,53%), 2 Contratados Interinos-T3 (10,53%), 2 Profesores Interinos (10,53%) e 1 Asociado de Universidade LOU (5,26%). O profesorado Titular impartiu o 33,57% da carga docente, o Contratado Doutor o 21,43%, o Contratado Interino-T3 o 17,50%, o Axudante Doutor o 15,00%, o Profesorado Interino o 7,50% e o Asociado o 5,00% (4311785_E15_2019-2020).

O tamaño do grupo é adecuado para o desenvolvemento das actividades formativas, tanto expositivas como interactivas das materias obrigatorias (N=21) (IN55M). No caso das materias optativas a media de alumnos/as matriculados por grupo foi de 10,38 (IN56M).

En función dos datos analizados o Máster conta co profesorado suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes, feito que se corresponde cos valores altos no nivel de satisfacción coa docencia impartida que indica o profesorado (IN47M) cun 4,39/5, o máis alto dos últimos seis cursos do título, e no nivel de satisfacción coa docencia recibida por parte do estudiantado (IN46M) cun 4,25/5.

A participación do profesorado nalgún curso do plan de formación alcanzou no curso académico 2019-2020 a porcentaxe de 73,68%, cun incremento moi significativo respecto ao curso anterior (45,45%) (5016_I6-17_2019-2020), o que mostra o interese do equipo docente do Máster por actualizar a súa formación coa finalidade de mellorar a súa actividade docente, en especial para formarse en ferramentas que facilitaran a comunicación co alumnado e o desenvolvemento da docencia e avaliación non presencial por causa da crise sanitaria. Este pode ser un dos factores que levou a un

incremento significativo da participación nos plans de formación do PDI de todos os títulos da Facultade de Ciencias da Educación. O informe da enquisa de satisfacción do PDI coas accións formativas realizadas (5016_INF.10_2019-2020) recolle que todos os ítems son valorados cunha puntuación superior a 4 (escala 1-5), excepto o referido ao bo estado e adecuación das instalacións utilizadas, que obtivo un 3,78/5.

A satisfacción xeral do PDI coas accións formativas alcanzou un 4,46/5, algo superior ao nivel obtido no curso 2018-2019 (4,29/5) e a resposta da recomendación de matrícula no curso a outros/as compañeiros/as foi maioritariamente positiva (92,07%).

Cabe destacar a impartición de dous cursos ofertados pola Facultade (formación a demanda), nos que a participación do profesorado do Máster foi relevante:

1. [\[PFID.19far-12\] Plan de Acción Tutorial: deseño](#)
2. [\[PFID.19far-10\] Configuración e uso de ferramentas para a avaliación no Campus Virtual](#)

En canto á participación do profesorado en programas de mobilidade, no curso 2019-2020 non houbo docentes do Máster que levaran a cabo accións de mobilidade (5016_I10_2019-2020).

É necesario facer mención neste apartado ao importante labor realizado polo profesorado do Máster no 2º semestre do curso 2019-2020 para adaptarse á situación de suspensión da docencia presencial pola COVID-19 e manter un nivel adecuado de calidade no desenvolvemento da titulación. A adaptación do equipo docente á situación imprevista derivada da crise sanitaria pódese comprobar nos resultados dos ítems referidos ao desenvolvemento da docencia, da avaliación e da comunicación co alumnado incluídos na enquisa do profesorado coa docencia impartida –participación do 42,11%- (4311781_INF.14_2019_2020) no curso 2019-2020. Destacan os valores elevados en cuestións como:

- O mantemento dunha comunicación axeitada co estudantado mediante o emprego de medios como o correo electrónico, o campus virtual ou MS Teams (4,91/5). Se ben no Máster xa se utilizaban con frecuencia debido á modalidade de ensino semipresencial, reforzouse o seu uso para manter unha comunicación áxil e fluída co alumnado en momentos de incertidume como os vividos. Este aspecto foi relevante para continuar co progreso do curso.
- A experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto (4,20/5) facilitou o cambio á modalidade virtual ata o remate do curso 2019-2020, sen producirse dificultades significativas.
- A satisfacción coas ferramentas, instrumentos e canais postos a disposición do profesorado para desenvolver a docencia (3,91/5) tamén favoreceu que os axustes necesarios se realizaran sen problemas importantes.

En xeral, o profesorado indica un nivel de satisfacción elevado coa docencia non presencial (4,20/5) e coa avaliación non presencial (4,18/5) postas en marcha tras a declaración do estado de alarma derivado da crise sanitaria.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender ao persoal docente e estudantes. Na Facultade o colectivo confórmano 15 persoas, 6 forman parte da unidade de apoio administrativo a departamentos, 4 forman parte da conserxería, 3 compoñen a unidade de xestión de centro, 1 persoa é responsable da secretaría do Decanato e 1 persoa é responsable da unidade de asuntos económicos. O centro tamén conta con persoal de biblioteca propio pero, na RPT figura adscrito só á Facultade de Psicoloxía como “Biblioteca Facultade de Psicoloxía/Facultade de Ciencias da Educación” (5016_E16_2019-2020).

O Persoal de Administración e Servizos -PAS- do centro (N=1) valora a satisfacción xeral co seu traballo cun 4 sobre 5. Todos os ítems da enquisa son valorados por encima de 3/5, aínda que o baixo nivel de respostas non permite xeneralizar as valoracións ao colectivo do persoal de apoio (5016_INF.21_2019-2020).

A porcentaxe de participación do PAS do centro nos plans de formación alcanzou no curso 2019-2020 o 77,78%, o que implica un aumento respecto á participación no curso 2018-2019 (70,59%) -5016_I6-I7_2019-2020-. Segundo os datos xerais da enquisa de satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas no ano 2019 (5016_INF.11_2019-2020), o persoal de apoio (porcentaxe de resposta sobre matriculados=51%) puntúa todos os ítems cunha valoración media por encima de 7 puntos (escala de 1 a 10) e un 81,33% recomendaría o curso a outros/as compañeiros/as.

De maneira máis específica, o Persoal de Administración e Servizos do centro valora a importancia da formación para manter a calidade do seu traballo cun 4 sobre 5, pero considera que a formación para desenvolver o seu traballo na modalidade online non é adecuada (5016_INF.21_2019-2020). Aínda que soamente unha persoa respondeu ao cuestionario, débese destacar a relevancia da formación do persoal de apoio para un bo desenvolvemento dos títulos, especialmente para facer fronte a novas condicións laborais, como as vividas como consecuencia da crise sanitaria.

O profesorado do Máster (porcentaxe de participación=36,84%) valora moi positivamente a atención prestada polo Persoal de Administración e Servizos (4,29/5) -4311781_INF.23_2019-2020-.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Sobre os materiais e recursos de apoio á docencia tamén se consulta ao alumnado e ao equipo docente do título.

O alumnado (participación do 54,55%) valora a utilidade do material de apoio (bibliografía, textos...) para a preparación das materias cun 4 sobre 5 e o papel dos recursos didácticos empregados no reforzo da comprensión das materias cun 4,02 sobre 5 (4311781_INF.13_1S_2019-2020). Para ambos ítems os valores son algo inferiores aos alcanzados no curso 2018-2019 (4,54/5 e 4,51/5, respectivamente).

Na enquisa sobre a satisfacción do profesorado coa titulación -porcentaxe de resposta=36,84%- (4311781_INF.23_2019-2020) figuran tres cuestións relacionadas cos recursos materiais, infraestruturas e servizos. A valoración do profesorado sobre a adecuación dos recursos dispoñibles para o Máster foi de 3,71 sobre 5; a adecuación e o bo estado das aulas e do seu equipamento para o labor docente obtivo unha valoración media de 4,14/5; e o papel do campus virtual como facilitador do labor docente foi avaliado cun 3,86/5.

E na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida a valoración media á pregunta relacionada coa adecuación do material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo) para o desenvolvemento da materia que imparte a puntuación é de 4,00/5 (4311781_INF.14_2019-2020), igual que á obtida no curso 2018-2019 (4311781_INF.14_2018-

2019).

É importante mencionar que no curso 2019-2020 se desenvolveron unha serie de tarefas conducentes á mellora dos servizos de orientación e tutoría para o alumnado que culminarán no curso 2020-2021 co deseño dun Plan de Orientación e Tutoría.

Respecto á inversión en melloras relacionadas con recursos materiais na Facultade no curso académico 2019-2020 destacan as seguintes:

1. Flyers Máster Procesos de Formación. 77,63 euros.
2. Rotulación- sinalética Campus Norte e Campus Vida. 2.316,86 euros.
3. Mobiliario móbil Aula 3 Módulo A Campus Vida. 3.618,02 euros.
4. Mobiliario móbil Aula 1 Campus Norte. 16.882,88 euros.
5. Mobiliario móbil Aula 3 Campus Norte. 11.372,42 euros.
6. 4 Ordenadores Aulas Campus Norte. 2.494,90 euros.
7. Mobiliario móbil: Aulas 4-5 e 6 Módulo C; Aula 6 Módulo A Campus Vida. 25.155,30 euros (mellora con mobles, accesibilidade e usabilidade aulas vellas, inclúe iluminación).
8. 2 PC Lenovo para reposición en aulas. 1238,40 euros.
9. DVD LG BLURAY 4K HDMI UBK80. Proxector OPTOMA LED ULTRAHD 4K. Salón de Actos Campus Vida. 2964,50 euros.
10. Ordenadores AIO ZM-H11 INTEL 24", WEBCAM CONCEPTRONIC, Trípode de mesa para aulas de laboratorio TIC, posto docente aula 8,16 Campus Vida. Aula 31 Campus Norte e Sala de teleformación. 3.436,40 euros.
11. Proxectores ACER. LOGITECH CONFERENCECAM CONNECT para renovación aulas TIC, salón actos e reposto. 3127,85 euros.

En canto a melloras relacionadas coa accesibilidade, as máis importantes foron as seguintes:

1. Planos nos edificios da facultade, rotulación de saídas e elementos de seguridade.
2. No curso 2019-2020 finalizou a adaptación dos aseos para eliminar barreiras que faciliten o seu uso e a mobilidade de todas as persoas usuarias do centro. Entre outras, colocación de portas de apertura automática nos accesos aos edificios do centro.
3. Eliminación de barreiras que impedían a mobilidade nas aulas.
4. No Salón de actos do Campus Vida elimináronse elementos que impedían a o acceso ao estrado principal a todas as persoas. Elimináronse filas de asentos para favorecer a seguridade e a mobilidade.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe do curso 2019-2020 analizados a partir das taxas de rendemento (IN34M), de éxito (IN35M) e de avaliación (IN36M) reflicten unha melloría respecto aos datos obtidos nos tres indicadores no curso anterior. A taxa de rendemento (IN34M) no curso 2019-2020 foi do 88,16%, superior á do curso pasado (86,49%) e a segunda máis alta das últimas seis edicións e próxima aos valores medios desta taxa na área de Ciencias Sociais e Xurídicas (91,34%) e na USC (91,02%).

A taxa de éxito (IN35M) no curso 2019-2020 foi do 99,01%, superior á do curso anterior (98,46%) e moi similar aos valores medios deste indicador na Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (99,08%) e na USC (98,96%).

A taxa de avaliación (IN36M) no curso 2019-2020 foi do 89,04%, superior á do curso 2018-2019 (87,84%), próxima aos valores medios na Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (92,20%) e na USC (91,99%).

Se se observa a taxa de rendemento das materias do Máster (4311781_INF.18_2019-2020) sete manteñen un valor do 100%, noutras seis redúcese a taxa respecto ao curso 2018-2019 e no TFM increméntase a taxa de rendemento, pasando do 54,55% do curso anterior ao 66,67% do 2019-2020. Unha das causas da redución da taxa de rendemento probablemente sexa o cambio no desenvolvemento do Máster que supuxo a situación de crise sanitaria e que afectou á presentación dalgúns estudantes á avaliación en materias do 2º semestre e na 2ª oportunidade. No caso de TFM a taxa de rendemento elevouse significativamente respecto á do 2019-2020, o cal pode deberse á eficacia dalgúns medidas implementadas (adianto na asignación de títos/as e temas, desenvolvemento do seminario para a elaboración de TFM) e que terán continuidade nos próximos cursos.

A porcentaxe máis elevada na cualificación sitúase no “notable” na maioría das materias (P3261102-Investigación en Formación e Recursos Humanos-47,62%; P3261104-Prácticas Obrigatorias-57,14%; P3261105-Traballo Fin de Máster-60,87%; P3261201-Planificación de procesos formativos-80%-; P3261206-Avaliación e orientación de competencias-64,29%; P3261204-Formación de formadores e profesionais de axuda-70%; P3261206-Calidade: modelos, enfoques e técnicas-40% -coa mesma porcentaxe de “sobresaliente”- (4311781_INF.15_2019-2020).

Unha circunstancia similar á da taxa de rendemento obsérvase na taxa de avaliación (4311781_INF.19_2019-2020). Tamén hai sete materias cunha taxa do 100%, seis cunha taxa inferior á do curso 2018-2019 (que foi do 100%) e un incremento na taxa de rendemento do TFM (66,67% vs. 59,09). Os motivos para estas variacións son idénticos aos indicados para a xustificación da taxa de rendemento.

A taxa de éxito das materias no plan de estudos mostra que, excepto dúas (Investigación en Formación e Recursos Humanos -95%; Prácticas Obrigatorias-95%), alcanza o 100% (4311781_INF.17_2019-2020).

Os axustes realizados no curso 2019-2020 no desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes,

sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos en todas as materias do plan de estudos, así como os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo, incluso nunha situación excepcional como a vivida debido á crise sanitaria.

As accións de mellora iniciadas no curso 2019-2020 respecto ao Traballo Fin de Máster como materia de atención prioritaria para reducir a taxa de abandono e mellorar a taxa de graduación na titulación tiveron efectos positivos, polo que continuarán e se intensificarán no próximo curso.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa de graduación do título no curso 2019-2020 (IN37M) incrementouse ata alcanzar o 100% do alumnado, conseguindo superar considerablemente o 60% obtido nos dous cursos anteriores. Esta taxa é superior ao valor medio da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (83,71%) e da USC (85,12%).

Tamén a taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41M) obtivo un valor moi positivo, xa que se situou no 0%. Este dato supón unha redución importante da elevada taxa de abandono dos dous cursos anteriores (24% no 2017-2018 e 25% no 2018-2019).

Os datos das taxas de graduación e de abandono reverten a tendencia negativa das dúas edicións anteriores do Máster, facendo fincapé na necesidade de continuar coas accións de mellora iniciadas no curso 2019-2020 relacionadas coa elaboración do Traballo Fin de Máster e co reforzo no labor de seguimento, orientación e tutoría do alumnado.

En cambio, a duración media dos estudos (IN38M) elevouse respecto ao curso anterior (1,57 vs. 1,33). Pero este incremento tamén se reflicte no valor deste indicador na Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (2,27 vs. 1,45) e na USC (2,21 vs. 1,43), polo que os motivos poden ser similares para todas as titulacións e estar relacionados coas consecuencias da crise sanitaria.

Non hai datos dispoñibles sobre a eficiencia dos titulados do Máster (IN39M) para o curso 2019-2020.

Respecto á taxa de éxito dos egresados/as (IN50M) produciuse un descenso (89,74%) respecto ao curso anterior (93,75%).

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Índices de satisfacción dos estudantes:

A satisfacción media do alumnado coa docencia recibida (participación do 54,55%; IN48M) foi alta (4,25/5) (IN46M), sendo o segundo valor máis alto das últimas seis edicións do Máster, aínda que so se dispoñen de datos do 1º semestre do curso. Excepto o ítem referido ao papel da/o docente na mellora do punto de partida en relación coa materia que alcanzou un 3,91/5, o resto alcanza un valor igual ou superior a 4/5. Sobresae a puntuación dos ítems referidos á utilidade da axuda recibida nas titorías (4,46/5), a explicación da programación da materia e dos criterios de avaliación (4,37/5) e o cumprimento co programa e con plan previsto (4,34/5). A valoración global da satisfacción co docente da materia é de 4,02/5 (INF.13_1S_2019-2020).

A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (4311785_INF.22_2018-2019) foi contestada por unha porcentaxe algo superior á do curso 2017-2018 (14,25% vs. 9,09%), pero mantense nun nivel baixo de resposta. A valoración xeral da satisfacción coa titulación é de 3/5, destacando como ítems mellor valorados os referidos á utilidade do campus virtual (4,33/5); á atención prestada polo Persoal de Administración e Servizos; a orientación profesional e laboral recibida no centro; o calendario de probas de avaliación e a xestión adecuada do TFM (todos cun 3,67/5).

E coa menor valoración figuran as cuestións relacionadas coa adecuación da carga de traballo (2,3/5); a adecuación na oferta de prácticas (2,67/5) e o interese da oferta de TFM (2,67/5).

Nas accións de mellora do próximo curso planificaranse estratexias que faciliten o desenvolvemento das actividades e tarefas por semestre, equilibrando a carga de traballo para o estudantado, revisarse a oferta de institucións de prácticas para axustala ás competencias do Máster e elaborarse unha proposta de liñas de TFM máis concreta que poida incrementar o interese do alumnado.

Índices de satisfacción do profesorado:

A satisfacción media do profesorado coa docencia impartida (participación do 42,11%) alcanzou unha valoración do 4,39 sobre 5, a máis alta dos últimos seis cursos (IN47M), manténdose a tendencia á alza neste indicador. Todos os ítems foron valorados por encima de 3,7 (escala 1-5). As dimensións vinculadas co mantemento dunha comunicación adecuada co estudantado (4,91/5) e coa accesibilidade ao alumnado nas clases e titorías (4,82/5) foron as valoradas cunha puntuación máis alta; mentres que ás relacionadas coa adecuación da coordinación entre as distintas materias (3,73/5) e coa satisfacción coas ferramentas, instrumentos e canais dispoñibles para desenvolver a docencia na situación imprevista derivada da crise sanitaria (3,91/5) foron as avaliadas coas puntuacións máis baixas. Destacan como aspecto positivo os altos niveis alcanzados polos ítems referidos á satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial (4,20/5) e da avaliación non presencial (4,18/5) postas en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria. A valoración global da satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi do 4,39/5 (4311781_INF.14_2019-2020).

Índices de satisfacción do persoal de administración e servizos:

A enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos -PAS- da Facultade (5016_INF.21_2019-2020) so foi contestada por unha traballadora polo que non permite coñecer con profundidade a percepción deste grupo de interese. A valoración da satisfacción xeral co seu traballo foi de 4 sobre 5, puntuación superior á do curso anterior (3,60/5). Destacar como aspecto relevante a opinión da traballadora da necesidade de formación para o desenvolvemento das súas tarefas profesionais en liña.

A puntuación de todos os ítems da enquisa de satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas no ano 2019 (5016_INF.11_2019-2020) sitúase por encima de 7 (escala de 1 a 10). A satisfacción global sobre a percepción da aprendizaxe sitúase no 7,64/10.

Índices de satisfacción dos egresados/as:

A enquisa de satisfacción de egresados (5016_INF.09_2019-2020) so foi contestada por unha estudante (taxa de resposta: 8,33%), polo que non permite coñecer con profundidade a percepción deste grupo de interese. O seu grao de satisfacción xeral coa titulación foi de 3/5 (algo superior ao do curso 2018-2019: 2,59) -IN42-.

Non hai datos no curso académico 2019-2020 dos indicadores relacionados coa satisfacción dos grupos implicados nas prácticas externas (estudantes -IN19M-, titores/as profesionais -IN20M- e titores/as acadñemicos -IN21M-) debido á suspensión das estadias nas institucións colaboradoras para a realización das prácticas co motivo da crise sanitaria.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os últimos datos dispoñibles sobre a inserción laboral dos egresados/as do título correspóndense cos procedentes do *Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no sistema universitario de Galicia 2013-2014* da ACSUG, que foron analizados no autoinforme de seguimento do curso 2018-2019.

3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4311781_P.Ind_2019-2020
			4311781_INF.16_2019-2020
			4311781_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4311781_I2_2019-2020
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4311781_P.Ind_2019-2020
			5016_INF.03_2019-2020
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título

3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311781_P.Ind_2019-2020
			4311781_INF.04_2019-2020
			5016_INF.05_2019-2020
			4311781_INF.06_2019-2020
			4311781_INF.07_2019-2020
			4311781_INF.08_2019-2020
			4311781_INF.09_2019-2020
			5016_INF.10_2019-2020
			5016_INF.11_2019-2020
			4311781_INF.13_2019-2020
			4311781_INF.14_2019-2020
			5016_INF.21_2019-2020
			4311781_INF.22_2019-2020
			4311781_INF.23_2019-2020
4311781_Informe_de_indicadores_2019-2020			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4311781_P.Ind_2019-2020
			4311781_Informe_de_indicadores_2019-2020

4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311781_E15_2019-2020
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5016_E16_2019-2020
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5016_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5016_I6-I7_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4311781_INF.13_2019-2020
			4311781_INF.14_2019-2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5016_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4311781_INF.15_2019-2020
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes

		(incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4311781_P.Ind_2019-2020
			4311781_INF.17_2019-2020
			4311781_INF.18_2019-2020
			4311781_INF.19_2019-2020
			4311781_INF_SIIU_2019-2020
			4311781_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4311781_P.Ind_2019-2020
			4311781_INF.CIUG_2019-2020
			4311781_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	I14	Resultados de inserción laboral	4311781_EIL-SIIU_2019-2020 4311781_EIL-ACSUG_2019-2020
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4311781_P.Ind_2019-2020 4311781_Informe_de_indicadores_2019-2020 4311781_MedUSC_2019-2020

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de mellorar a coordinación docente
Definición/ descrición proposta	Proposta de coordinación no desenvolvemento de materias de módulo e/ou semestre (distribución de carga de traballo, lecturas recomendadas comúns, actividades conxuntas, etc.) que se reflicta na elaboración das guías didácticas das materias
Datas	Finalización: 11/06/2021; Inicio: 20/04/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-1.1
Descrición tarefa	A partir da análise da Memoria do título e da revisión das guías didácticas das materias realizadas no curso 2019-2020, propónse a elaboración dun plan de traballo integrado por módulo e/ou semestre para o alumnado que inclúa aspectos como a distribución de carga de traballo, lecturas recomendadas comúns ou a realización de actividades conxuntas que se recolla nas guías didácticas
Data prevista de finalización	11/06/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA

Código	MPF-AM-2 (Curso 2020-2021)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de fortalecer o sistema de consultas con profesionais en exercicio
Definición/ descrición proposta	Aplicación do cuestionario para titores/as profesionais de prácticas elaborado no curso 2019-2020 e análise de respostas
Datas	Finalización: 30/06/2021; Inicio: 13/05/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-2.1
Descrición tarefa	Aplicación do cuestionario para titores/as profesionais de prácticas elaborado no curso 2019-2020 e análise de respostas
Data prevista de finalización	30/06/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA

Código	MPF-AM-3 (Curso 2020-2021)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Recomendación no Informe final de avaliación para a

	renovación da acreditación
Definición/ descrición proposta	Mellora da accesibilidade da información pública do Máster
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 20/04/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-3.1
Descrición tarefa	Deseño da estrutura e contidos da información pública do Máster
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-4 (Curso 2020-2021)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Necesidade de mellorar o proceso de información e difusión relacionado coas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese
Definición/ descrición proposta	Elaboración de informes cos principais resultados das enquisas de satisfacción para cada grupo de interese. Información sobre a utilidade das enquisas de satisfacción para a mellora do Máster Difusión dos resultados das enquisas de satisfacción

Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 20/04/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-4.1
Descrición tarefa	Elaboración de informes cos principais resultados das enquisas de satisfacción para cada grupo de interese
Data prevista de finalización	01/06/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa
Tarefa2	MPF-AM-4.2
Descrición tarefa	Sesións informativas sobre a utilidade das enquisas de satisfacción e para difusión dos resultados (no caso do alumnado, accións incluídas no Plan de Orientación e Tutoría)
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA

Código	MPF-AM-5 (Curso 2020-2021)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Mellora dos servizos de orientación académica e profesional
Definición/ descrición proposta	Análise das necesidades de orientación académica e profesional do alumnado do Máster e deseño do Plan de Orientación e Tutoría

Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 16/10/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-5.1
Descrición tarefa	Elaboración dun cuestionario sobre as necesidades de orientación académica e profesional do alumnado do Máster
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa
Tarefa2	MPF-AM-5.2
Descrición tarefa	Deseño e aprobación do Plan de Orientación e Tutoría do Máster
Data prevista de finalización	01/06/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa
Tarefa3	MPF-AM-5.3
Descrición tarefa	Elaboración de instrumentos (fichas de recollida de información, guías de entrevistas...) para o desenvolvemento do Plan de Orientación e Tutoría a partir do curso 2021-2022
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa
Tarefa4	MPF-AM-5.4
Descrición tarefa	Participación da Área de Orientación Laboral e Emprego a través da organización dunha charla sobre información profesional para o alumnado do Máster
Data prevista de finalización	12/03/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-6 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Necesidade de contar cun plan de difusión do Máster e captación de alumnado
Definición/ descripción proposta	Continuidade e reformulación da acción de mellora proposta no Autoinforme de seguimento do curso 2019-2020, tendo en conta a alternativa de difusión a través de medios non presenciais
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 03/05/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-6.1
Descrición tarefa	Elaboración e aplicación dunha proposta de posibles vías de difusión non presencial do Máster
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-7 (Curso 2020-2021)

Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Incremento da satisfacción do alumnado coa oferta de prácticas
Definición/ descripción proposta	Revisión da oferta de institucións de prácticas para axustala ás competencias do Máster
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 14/05/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-7.1
Descrición tarefa	A partir da análise dos cuestionarios aplicados aos titores/as profesionais de prácticas e das fichas de avaliación das institucións colaboradoras por parte das e dos estudantes, revisarase a oferta das entidades
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA

Código	MPF-AM-8 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Incremento do interese do alumnado coa oferta de TFM
Definición/	Elaboración dunha proposta de liñas de TFM máis concreta

descripción proposta	que poida incrementar o interese do alumnado a partir das liñas de investigación do profesorado e dos grupos de investigación
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 15/04/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-8.1
Descrición tarefa	Solicitud de liñas e temas de TFM vinculados ás competencias do Máster
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Aspecto de obrigado cumprimento no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación
Definición/ descripción proposta	Elaboración e presentación para tramitación da proposta de modificación da Memoria para axustala ao desenvolvemento real da docencia na actualidade
Datas	Finalización: 05/06/2020; Inicio: 05/12/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-1.1
Descrición tarefa	Proposta de modificación da Memoria
Data prevista de finalización	05/06/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-1.1. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	Proposta de modificación da Memoria do MU en Procesos de Formación (Arquivo: MPF-AM-1.rar)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-2 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Recomendación no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación
Definición/ descripción proposta	Mellora na coordinación do Máster
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 02/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Comprobación Acción	MPF-AM-2
Descrición Comprobación	Rotación da coordinación do MU en Procesos de Formación en períodos de catro anos (Mellora na coordinación do Máster a partir da recomendación no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación) (Arquivo: Evid_AM2_T2.1.pdf)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCION DE MELLORA

Código	MPF-AM-3 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Problemas coa expedición do título
Definición/ descrición proposta	Supresión do requisito de cursar obrigatoriamente un itinerario dos dous propostos no plan de estudos para obter a titulación
Datas	Finalización: 29/10/2019; Inicio: 14/10/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Comprobación Acción	MPF-AM-3
Descrición Comprobación	Conseguíuse eliminar o requisito de cursar obrigatoriamente un itinerario dos dous propostos no plan de estudos para obter a titulación. Apórtase evidencia na tarefa desta acción de mellora
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	MPF-AM-3.1
Descrición tarefa	Cambio na redacción do apartado "Aspectos académico organizativos xerais" e noutros puntos do apartado 5.1 para manter a coherencia do cambio
Data prevista de finalización	29/10/2019
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-3.1. Comprobación Nº. 1
Descrición	Cambio na redacción do apartado ?Aspectos académico

Comprobación	organizativos xerais? e noutros puntos da apartado 5.1 para manter a coherencia da modificación (Arquivo: Evid_AM3_T3.1.pdf)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	MPF-AM-3.1. Comprobación N°. 2
Descrición Comprobación	Cambio na redacción do apartado ?Aspectos académico organizativos xerais? e noutros puntos da apartado 5.1 para manter a coherencia da modificación (Arquivo: MPF-AM-3.rar)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-4 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Resolución Reitoral de 13 de marzo de 2020 pola que se adoptan medidas para a execución do acordo de suspensión de actividades da USC debidas á evolución do COVID-19 e ás medidas de contención extraordinarias adoptadas polos gobernos estatal e autonómico

Definición/ descripción proposta	Modificacións nos programas das materias para adaptarse á situación de suspensión das actividades presenciais na universidade
Datas	Finalización: 18/05/2020; Inicio: 13/03/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Comprobación Acción	MPF-AM-4
Descrición Comprobación	Debido á suspensión da docencia presencial por mor da pandemia da COVID-19 tivéronse que modificar os programas das materias para adaptalos á situación de suspensión das actividades presenciais na Universidade (R.R. 13/03/2020) (URL: https://www.usc.gal/gl/centros/cc_educacion/medidas_especiais_covid_19_curso19_20.html)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	MPF-AM-4.1
Descrición tarefa	Axuste dos programas das materias para adaptarse ás condicións excepcionais vividas e continuar co desenvolvemento da docencia (Anexo: Adenda)
Data prevista de finalización	18/05/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-4.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Axuste nos programas das materias para adaptarse ás condicións excepcionais de supresión das actividades presenciais na Universidade debido á crise sanitaria que facilite a continuación do desenvolvemento da docencia.

	Pode comprobarse aquí: https://www.usc.gal/gl/centros/cc_educacion/medidas_especiais_covid_19_curso19_20.html (Arquivo: MPF-AM-4.rar)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-5 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Recomendación no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación
Definición/ descripción proposta	Mellora da accesibilidade da información pública do Máster na web. Esta acción de mellora continuarase no curso 2020-21
Datas	Finalización: 31/12/2020; Inicio: 01/07/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-5.1
Descrición tarefa	Deseño dunha estratexia para facilitar o acceso á información pública do Máster na web
Data prevista de finalización	01/09/2020

Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-5.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Reflexionouse sobre o deseño, porén, debido á necesidade de acometer outras accións urxentes de mellora e axuste no desenvolvemento do Máster no curso 2019-2020 esta tarefa reformularase para o curso 2020-2021
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	MPF-AM-5.2
Descrición tarefa	Implementación e seguimento da estratexia para facilitar o acceso á información pública do Máster na web
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-5.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Aínda que se reflexionou sobre como acometer esta tarefa, debido á necesidade de acometer outras accións urxentes de mellora e axuste no desenvolvemento do Máster no curso 2019-2020 esta tarefa reformularase para o curso 2020-2021
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCION DE MELLORA	
Código	MPF-AM-6 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Aspecto de obrigado cumprimento no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación
Definición/ descripción proposta	Mellora do proceso de difusión dos resultados das enquisas de satisfacción ao alumnado. Esta acción de mellora terá continuidade no curso 2020-21
Datas	Finalización: 31/12/2020; Inicio: 01/07/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Comprobación Acción	MPF-AM-6
Descrición Comprobación	Debido á necesidade de acometer outras accións urxentes de mellora e axuste no desenvolvemento do Máster no curso 2019-2020, trasládase como acción de mellora para o curso 2020-2021
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	MPF-AM-6.1
Descrición tarefa	Deseño de sesións informativas sobre a importancia e utilidade das enquisas e a difusión dos resultados das enquisas de satisfacción entre o alumnado
Data prevista de	31/12/2020

finalización	
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-7 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Necesidade de incrementar a participación dos titores/as externos no desenvolvemento do Máster
Definición/ descripción proposta	Coñecer a percepción dos titores/as externos de prácticas sobre a formación impartida no título, que permita adecuar os contidos á realidade do futuro profesional dos nosos estudantes
Datas	Finalización: 14/02/2020; Inicio: 10/12/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-7.1
Descrición tarefa	Deseño dun cuestionario para titores/as externos de prácticas e aplicación piloto
Data prevista de finalización	14/02/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación	MPF-AM-7.1. Comprobación N.º. 1

Tarefa	
Descrición Comprobación	A aplicación piloto do cuestionario realizouse no mes de xaneiro de 2020 con titores/as profesionais que habitualmente colaboran nas prácticas do Máster. Debido á situación da crise sanitaria, suspendeuse á realización das estadías de prácticas nas institucións colaboradoras, polo que non se puido aplicar o cuestionario con posterioridade ás estadías (Arquivo: MPF-AM-7.rar)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-8 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	Aspecto de obrigado cumprimento no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación
Definición/ descrición proposta	Adecuación da asignación da docencia entre as áreas de coñecemento no Máster
Datas	Finalización: 13/02/2020; Inicio: 21/01/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-8.1

Descrición tarefa	Análise do PDA, proposta e acordo de cambio do encargo docente das materias optativas no seguinte sentido: P3261205 Innovación e Creatividade (docencia completa para a Área 215) e P3261206 Calidade: modelos, enfoques e técnicas (docencia completa para a Área 625).
Data prevista de finalización	13/02/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-8.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Analizouse e traballouse na análise da PDA. O resultado deste traballo pode comprobarse na evidencia. (Arquivo: MPF-AM-8.rar)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCION DE MELLORA

Código	MPF-AM-9 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Aspecto de obrigado cumprimento no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación
Definición/ descrición	Mellora dos servizos de orientación académica e profesional

proposta	
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 08/01/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-9.1
Descrición tarefa	Análise das necesidades de orientación académica e profesional do alumnado do Máster a partir das respostas ás enquisas de satisfacción
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-9.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Constátase que o nivel de resposta ás enquisas de satisfacción por parte do alumnado é moi baixo polo que non permite realizar unha análise das necesidades do conxunto do estudantado. É preciso recoller a información a través doutras vías, polo que esta tarefa reformularase para o curso 2020-2021, incluíndoa no Plan de Orientación e Tutoría do Máster
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa2	MPF-AM-9.2
Descrición tarefa	Formación para o deseño dun Plan de Acción Titorial de centro e título
Data prevista de finalización	08/06/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada

Comprobación Tarefa	MPF-AM-9.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Realizouse unha actividade formativa orientada ou que servira de axuda para o deseño dun Plan de Acción Titorial (PAT) de centro e título (Arquivo: Evid_AM9_T9.2.png)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	MPF-AM-9.2. Comprobación Nº. 2
Descrición Comprobación	-- (URL: https://cv.usc.es/pluginfile.php/1183420/mod_page/content/19/PFID.19far-12 PAT Memoria de Actividade Formativa.pdf asinado.pdf)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	MPF-AM-9.3
Descrición tarefa	Deseño xeral do Plan de Acción Titorial do Máster Universitario en Procesos de Formación
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-9.3. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Elaboración dun documento marco do PAT do centro, que servirá de base para o deseño dos Plans de cada título Axústase a tarefa en función da incidencia indicada á elaboración das liñas xerais para o deseño do Plan de Orientación e Titoría do MU en Procesos de Formación (a

	partir dos aspectos incluídos na Memoria relacionados coa orientación ao alumnado) (Arquivo: Evid_AM9_T9.3.doc)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	MPF-AM-10 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Aspecto de obrigado cumprimento no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación
Definición/ descripción proposta	Difusión do Máster e captación de alumnado. Terá continuidade no curso 2020-21
Datas	Finalización: 31/12/2020; Inicio: 01/07/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-10.1
Descrición tarefa	Deseño dun plan sistematizado de difusión do Máster e captación do alumnado
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Elena Fernández Rey

Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-10.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	O escenario de non presencialidade no 2º semestre do curso 2019-2020 condicionou a organización de encontros ou outras actividades de captación en modalidade presencial polo que as Vicerreitorías de Titulacións e Captación Internacional e de Igualdade, Cultura e Servizos propuxeron a celebración de encontros virtuais, dirixidos tanto ao estudiantado nacional como internacional, nos que participou o MU en Procesos de Formación (Arquivo: MPF-AM-10.rar)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Organización de encontros virtuais de difusión do Máster entre potenciais estudantes

ACCION DE MELLORA	
Código	MPF-AM-11 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Aspecto de obrigado cumprimento no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación
Definición/ descrición proposta	Medidas para a mellora dos datos de graduación e redución da taxa de abandono (relacionados estreitamente coas dificultades para a elaboración e a presentación do Traballo Fin de Máster)

Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 02/12/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 07/04/2021
Responsables	Elena Fernández Rey
Tarefa1	MPF-AM-11.1
Descrición tarefa	Diagnose das problemáticas que ten o alumnado para a elaboración e presentación do Traballo Fin de Máster
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	MPF-AM-11.1. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	Diagnose das problemáticas que ten o alumnado para a elaboración e presentación do TFM a través da organización dunha secuencia de reunións e da recollida de información. Debido ás peculiaridades do alumnado co TFM pendente de edicións anteriores, organizouse un encontro específico no 1º mes do curso para planificar con antelación a realización do TFM e que se puidera presentar á oportunidade de febreiro de 2020. (Arquivo: AM11_T11.1.rar)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa2	MPF-AM-11.2
Descrición tarefa	Deseño de propostas de organización, temporalización e orientación do Traballo Fin de Máster que axuden ao alumnado a superar a materia e, como consecuencia, o Máster
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Elena Fernández Rey
Estado	Executada

Comprobación Tarefa	MPF-AM-11.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	No curso 2019-2020 tamén foi preciso adaptar o sistema de avaliación na materia Traballo Fin de Máster ao réxime especial derivado da suspensión da docencia presencial, o que implicou o axuste da modalidade e calendario de avaliación (Arquivo: AM11_T11.2.rar)
Data Comprobación	07/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--